

PELÍCULAS



NAIS E PAIS



HAI QUE LER!

IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605

<http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

GUÍA DE LECTURAS VACACIÓNS DE VERÁN CURSO 08-09

BIBLIOTECA
IES PONTEPEDRIÑA




NESTE VERÁN...

MERGÚLLATE NA

LECTURA!!

FELICES VACACIÓNS!!

VACACIÓNS 1º - 2º ESO




¡Vaiche boa!. Paul Jennings.

Unha barra de labios que volve tolas as rapazas. Uns calzóns que proporcionan calidades prodixiosas a quen os pon. O esterco dun xardineiro afeccionado que produce unha praga de moscas. Unha cola milagrosa que, despois de catro horas, deixa de funcionar. Un esqueleto no retrete e ósos que camiñan pola praia... ¡Vaiche boa! Prepárate e verás: estas alucinantes historias hai que gozalas con cautela porque... ¡coidado! producen adicción á lectura.

As aventuras de Uliana Karavaeva. Vardengurg, Darja.

Os rumores de que Uliana atrapara dez bandidos e acabara co máis perigoso entre os criminais que estaban en busca e captura son algo esaxerados. Bandidos había bastantes menos e ela non loitou con Fera Torta en solitario. Tamén é falso que Liliana Karaváeva teña dezaseis anos, que sexa enorme, con músculos de ferro e puños pesados. Pero o que é realmente certo é que manifestou un raro valor...



Estase distribuindo de balde cada quince días co xornal El Correo Gallego a revista xuvenil de historieta Galimatías. O número un entregouse o 3 de abril e haberá 20 entregas. Ao mesmo tempo creouse a páxina web www.ouniversodegalimatias.com, no que as series e todo o universo Galimatías estarán reflectidos e ampliados.

VACACIÓNS 3º- 4º ESO




La soledad de los números primos. Paolo Giordano.

Existen entre os números primos algúns aínda máis especiais. Son aqueles que os matemáticos chaman primos xemelgos, pois entre eles se interpón sempre un número par. Así, números coma o 11 e o 13, o 17 e o 19, ou o 41 e o 43, permanecen próximos, mais sen chegar a tocarse. Esta verdade matemática é a fermosa metáfora que o autor escolleu para narrar a conmovedora historia de Alice e Mattia, dous seres cuxas vidas quedaron condicionadas polas consecuencias irreversibles de senllos episodios acontecidos na súa nenez.

Lúa do Senegal. Agustín Fernández Paz.

Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa dunha rexión ao sur do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Na nova terra, a vida é dura, non coñece a ninguén e todo lle resulta diferente. Está en Europa, mais a súa cabeza e o seu corazón continúan en África. O único lazo entre a nova realidade e o mundo que deixou atrás é a Lúa que brilla no ceo polas noites, que serve, ademais, para marcar o paso do tempo.




O canto do muecín. Lois Diéguez. Levaba tres días así, sen poder pegar ollo e sentíase tan cansa... Ía polo deserto aborrecida do sol que nunca se poñía. Transformábase na sombra de Anthony Perkins cando en "Psicose" avanzaba pola parede cun enorme coitelo de matar porcos, e cando o ía espetar no corpo estarricado de Sofía acordaba bañada nunha suor de sufocos. Botouse da cama. O muecín, en efecto, berraba o canto.

VACACIÓNS BACHARELATO



Trilogía Millenium. Stieg Larsson.

Os protagonistas, Lisbeth Salander e Mikael Blomkvist, non vos van deixar indiferentes. Mikael traballou durante moito tempo nunha revista de socioloxía e de economía; ese é o seu único currículo como "investigador". Con todo, recibe un encargo sorprendente. Deste xeito coñecerá a Lisbeth Salander, unha hacker que vai cambiar a súa vida. Tres novelas cheas de intriga adictiva, que non poderás deixar de ler.



A praia dos afogados. D.Villar.

Un apaixonante novo caso de intriga para o inspector Caldas e o seu axudante aragonés, ao aparecer o cadáver dun mariñeiro na praia de Panxón. Para resolvelo, terá que mergullarse nos segredos das xentes da vila. Do mesmo autor, o primeiro caso de Leo Caldas, Ollos de auga.